

OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA. (Adecuación e concreción dos obxectivos xerais da etapa ao contexto socioeconómico do centro e as características do alumnado)

Segundo a LOE / Lomce (art.23) e o Decreto 85/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (art.10):

A educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiren os elementos básicos da cultura, nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; preparalos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Deste xeito, propoñémonos desenvolver no noso alumnado de educación secundaria obrigatoria as capacidades que lles permita acadar os seguintes obxectivos:

-a) Asumir responsablemente os seus **deberes**, coñecer e exercer os seus **dereitos** no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da **ciudadanía democrática**.

-b) Desenvolver e consolidar **hábitos de disciplina, estudo e traballo** individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de **desenvolvemento persoal**.

-c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a **igualdade de trato e oportunidades** entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. **Rexeitar** os estereotipos que supoñan **discriminación** entre homes e mulleres así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

-d) Fortalecer as súas **capacidades afectivas** en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas, e **resolver pacificamente os conflitos**.

-e) Desenvolver destrezas básicas na **utilización das fontes da información** para, adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

-f) Concibir o **coñecemento científico** e técnico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia **adquirindo actitudes** éticas, de análise da súa eficacia e eficiencia, particularmente en diferentes situacións da vida cotiá.

-g) Desenvolver o **espírito emprendedor** e a **confianza en si mesmo**, a **participación**, o **sentido crítico**, a iniciativa persoal e a **capacidade para aprender a aprender**, planificar, **tomar decisións** e asumir responsabilidades.

-h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, **na lingua galega e na lingua castelá**, textos e mensaxes complexas, valorar a lectura, e iniciarse no coñecemento e o estudo da literatura en ambas as dúas linguas.

-i) Comprender e expresarse nunha ou máis **linguas estranxeiras** de maneira apropiada.

-j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da **cultura** e a **historia** propias e das outras persoas, así como o **patrimonio artístico e cultural**, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

-k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio o **corpo** e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais, e incorporar a **educación física** e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os **hábitos sociais** relacionados coa **saúde**, o **consumo**, o coidado dos seres vivos e o medio **ambiente**, contribuíndo á súa conservación e a súa mellora.

-l) Apreciar a **creación artística** e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

-m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do **patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia**, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

-n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da **identidade de Galicia**, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.